



Cruz Vermella

**PROGRAMA DE LOCALIZACIÓN E CONTROL
VOLUNTARIO DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE
ESPECIAL VULNERABILIDADE**

XUNTA DE GALICIA

PROGRAMA DE LOCALIZACIÓN E CONTROL VOLUNTARIO DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE

Con este servizo preténdese facilitar a saída do domicilio de persoas con circunstancias especiais que aconsellen o seu control permanente ou que poidan sufrir episodios de desorientación temporal e/ou espacial., incrementando a mobilidade e seguridade destas persoas e contribuíndo á tranquilidade das familias e cuidadores.

Que persoas poden ser beneficiarias?

Persoas que vivan no seu domicilio e presenten deterioro cognitivo como consecuencia da enfermidade de Alzheimer ou doutro tipo de demencias e que sexan susceptibles de sufrir perda de memoria, episodios de desorientación temporoespacial ou caídas.

O obxectivo principal é fomentar a autonomía dos/as usuarios/as, promovendo a permanencia das persoas no seu ámbito habitual sen que vexan minguadas as súas posibilidades de saír do domicilio e seguir mantendo as súas relacións sociais.

Características do servizo

Consiste nun pequeno equipo que integra un teléfono móbil con tecnoloxía GSM e un módulo de localización xeográfica vía satélite GPS, cun centro de control dende o que é posible recuperar a posición exacta en calquera momento.

- O usuario levará o terminal, cargado e acendido, durante todo o día e colocaráse nun cinto cun sistema de seguridade para que non se poida manipular.
- Son as persoas cuidadoras as que deben poñer e retirar o dispositivo á persoa usuaria e manter cargada a batería.
- O terminal comunícase coa plataforma cada 5 minutos enviando a súa posición.
- A actuación actívase se existe a necesidade de localizar a persoa usuaria ou no caso de que o terminal envíe un aviso automático que poida indicar situación de perigo.



Teléfono Social (de balde)

900 333 666

www.xunta.es



galicia



XUNTA DE GALICIA